

O profesorado galego suma outras dúas xornadas de folga os días 16 e 17 de decembro co obxectivo de recuperar e avanzar en dereitos

O día 17 está prevista unha manifestación con saída do Parlamento até a Consellaría para presionar durante a votación das contas da Xunta para 2026, claves para poder levar a cabo medidas que melloren o ensino público galego.

Despois de que a Consellaría siga facendo oídos xordos ao clamor do persoal docente no curso máis conflitivo no ensino público galego desde hai 40 anos e de que fracasara o intento de unidade sindical, a CIG-Ensino e STEG decidiron convocar dúas novas xornadas de folga atendendo ás propostas que lles chegaron do profesorado. As datas escollidas son o martes 16 e o mércores 17 de decembro para que coincidan con xornadas de avaliacións, sobre todo en primaria e secundaria dado que este ano se adiantan na Formación Profesional, e co pleno de debate e de aprobación final dos orzamentos da Xunta para 2026.

O profesorado galego está chamado a secundar outros dous novos días de folga no mes de decembro, co cal en apenas catro meses de curso serán un total de cinco xornadas de paros totais, o que confirma que este conflito laboral é o máis intenso desde os anos 80 no ensino público non universitario. As organizacións convocantes, que representan a maioría do profesorado segundo os resultados das últimas eleccións sindicais, entenden que hai moi poca marxe de mellora arredor das principais reivindicacións docentes (baixada de ratios, recuperación do horario previo aos recortes ou maior dotación de persoal para atender á diversidade) se a Xunta aproba o proxecto de orzamentos tal cal está agora mesmo na súa tramitación parlamentaria. Entre outras cuestións, o número de profesorado orzamentado é o mesmo que os últimos catro anos, 30.424, e calquera destas medidas implicaría unha importante ampliación desta cifra coa conseguinte partida económica para sufragar a contratación destes novos efectivos. No momento dos recortes a ampliación do horario en primaria e secundaria supuxo un recorte de miles de docentes.

RECTIFICAR RECUPERAR RECOÑECER

A CONSELLARÍA
DEBE
RECTIFICAR

O PROFESORADO
MERECE
RECUPERAR

A CONSELLERÍA
DEBE
RECOÑECER




16-17 decembro

Folga Xeral

Profesorado en loita

Así pois, respondendo á suxestión de moito profesorado que se puxo en contacto estes meses co sindicato maioritario, as datas consensuadas entre as dúas organizacións para estas novas convocatorias de folga son o día 16 e o día 17 de decembro, aínda que nas próximas semanas levaranse a cabo outras mobilizacións que terán como fin socializar o conflito entre a comunidade educativa nomeadamente entre as familias e o alumnado. Eses dous días coincidirían en boa parte dos centros educativos con xornadas de avaliación, aínda que non en todos nin en todas

as etapas porque, por exemplo, este ano froito da reforma na Formación Profesional estas adiántanse considerabelmente. A CIG-Ensino é consciente de que a Consellaría vai intentar condicionar o profesorado para que poña as cualificacións do alumnado independentemente de que se celebren xuntas de avaliación ou non, polo que o anima a facer pedagogía coas familias e co alumnado para que saiban que secundar a folga vailles implicar un traballo extra se finalmente ceden a estas presións da administración.

Por outra banda, estas dúas xornadas de folga rematarán o día 17 cunha gran manifestación en Compostela que terá como punto central o Parlamento galego. Debido á falta de espazo nas súas inmediateiros para acoller o final da marcha, as organizacións convocantes propoñen saír desde a entrada do edificio, na Rúa do Hórreo, coincidindo co pleno no que terán lugar as votacións das contas autonómicas e atravesar Compostela ata a Consellaría de Educación. Esta planificación responde tamén a unha necesidade de chamar a atención dos medios de comunicación que ese día estarán cubrindo o debate parlamentar e que, polo tanto, non terán escusas, á marxe da censura da Xunta de Galiza, para non facerse eco da mobilización do profesorado e das súas reivindicacións.

Nas próximas semanas as delegadas e delegados da CIG-Ensino percorrerán de novo os máis de 1.100 centros de ensino espallados polo territorio galego para que se sumen aínda máis docentes a estas convocatorias despois de que, nos últimos anos, nunca tanta xente participara nas folgas coma nas convocadas este curso, o que demostra a fartura e o malestar do profesorado galego polas súas condicións laborais pero tamén pola situación de crítica que atravesamos o ensino público.

O sindicato volve dirixirse directamente ao conselleiro Román Rodríguez para que abra negociacións de inmediato e se reúna coas organizacións sindicais, como si fai o seu homólogo en Sanidade, para intentar frear estas convocatorias e mellorar a grave situación que atravesan os centros educativos e que xa non pode tapar máis coa súa inxente propaganda.

TÁBOA REIVINDICATIVA

- **Baixada de ratios no primeiro curso de todas as etapas educativas a partir do vindeiro curso 26/27.**
- **Recuperación do horario lectivo** recortado en 2011 (21 horas en primaria e infantil) e en 2012 (18 horas no resto de ensinanzas) **tamén a partir do vindeiro curso** e fin da discriminación horaria en CIFP e EEAA.
- **Medidas concretas que garantan unha correcta atención á diversidade** (criterios para a dotación de persoal especialista de PT e AL, incremento do número de orientadores/as nos centros, cómputo como dobre ou triplo do alumnado con necesidades en todas as etapas, autorización de desdobres, PDCs e FP básica en todo o territorio...)
- **Un plan real de eliminación de burocracia** que leve aparelladas, entre outras medidas, un incremento da dedicación horaria para equipos directivos, coordinacións e titorías e a dotación de máis persoal administrativo.
- **Melloras retributivas:** incremento retributivo lineal para todo o profesorado no complemento autonómico que permita recuperar o poder adquisitivo perdido, recuperación do cobro do verán para o persoal substituto que traballe 5 meses e medio e equiparación salarial do PESSFP co resto de profesorado de FP.
- **Redución da xornada laboral a partir dos 55 anos e recuperación das licenzas por formación retribuídas.**

16-17 — decembro

Folga Xeral

Profesorado en loita